

SUMARIO

- [1-5] NOVAS
- [1-4] IGAEM
- [4] Novidades editoriais
- [5] Centro Dramático Galego
- [6-7] AXENDA
- [8] ALERTA!
- [9] A REDE EN CIFRAS

O IGAEM CONVOCARÁ POR VEZ PRIMEIRA AXUDAS Á MÚSICA

AS NOVAS SUBVENCIÓNS CENTRARANSE NA PROXECCIÓN EXTERIOR DAS EMPRESAS GALEGAS DO SECTOR MUSICAL E NA DIFUSIÓN SOCIAL DOS TRABALLOS DISCOGRÁFICOS

A INICIATIVA É PARTE DESTACADA DA NOVA POLÍTICA GLOBAL DE APOIO Á MÚSICA GALEGA QUE DESENVOLVE A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) da Consellería de Cultura e Deporte convocará a principios de 2007, e por vez primeira na súa historia, dúas liñas de axuda á música galega, que se centrarán en aspectos concretos que beneficien o desenvolvemento deste sector artístico, como son a presenza e proxección exterior das empresas musicais e a difusión social dos traballos discográficos producidos na nosa Comunidade.

O texto de ambas convocatorias, que está previsto se publique no Diario Oficial de Galicia en xaneiro, ten como destinatarias ás empresas produtoras e distribuidoras galegas. A iniciativa insírese na nova política global de apoio ao sector musical que comezou xa a desenvolver a

Consellería de Cultura e Deporte a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, departamento que tamén brindará axudas á produción de proxectos discográficos e á proxección exterior dos músicos.

A nova política de axudas é, pois, parte destacada da serie de accións da Consellería destinadas ao apoio e promoción de todas as músicas producidas e editadas en Galicia, deseñadas a partir dun marco de colaboración, participación, diálogo e confianza co sector ao que tenta vertebrar e favorecer. Ademais das subvencións, poráse en marcha outros tipos de accións concretas que atinxen á tipoloxía de programación deseñada e á incidencia nas distintas canles de promoción.

[continúa na pantalla seguinte]

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)


Contidos: Área de Comunicación.

Supervisión lingüística: Área de Publicacións

Deseño gráfico: Uqui / Cebra

Fotografías: Arquivo IGAEM

D.L.: C-826-06



[vén da pantalla anterior]

Industria cultural

Todas as actuacións parten da consideración da música como unha industria cultural, derivándose dela o apoio á consolidación de estruturas empresariais no ámbito musical, e co obxectivo da potenciación dun mercado musical galego que facilite a distribución dos produtos discográficos e a exhibición ao vivo das propostas musicais. Outras finalidades que se perseguen son o asentamento de liñas de axuda orientadas a favorecer a innovación e a creación máis emerxente, a creación de modelos de exhibición en rede que faciliten o contacto dos músicos galegos co público, a activación do papel dos medios de comunicación a prol do coñecemento e promoción das propostas musicais realizadas no país; e a posta en marcha dunha oferta de servizos que aporte un valor engadido complementario ás axudas directas, tales como o asesoramento empresarial ou a posta a disposición de liñas de financiación preferente.

Canto á política de distribución, entran no panorama diferentes ofertas de programación, específicas e complementarias, que veñen a sumarse á consolidada Rede Galega de Teatros e Auditorios, como son a Rede Galega de Música ao Vivo, o Circuito 4x4 e a nova planificación dos Circuitos Culturais.

Música ao vivo

Así, o IGAEM, a Dirección Xeral e a asociación de salas Clultura promoveron a Rede Galega de Música ao

Vivo, que botará a andar en xaneiro de 2007 e na que poderán participar até 70 grupos e solistas -preferentemente galegos e de todos os estilos-, nun total de 40 locais de concertos de Galicia. Cada grupo terá que realizar un mínimo de 10 concertos no cómputo anual e as salas terán que programar cando menos 12 actuacións (7 de xaneiro a xuño e 5 de setembro a decembro). A previsión é sumar preto dun milleiro de concertos ao ano dentro deste programa.

Pola súa banda, o Circuito 4x4 é un proxecto de programación musical para os concellos, que consiste nunha cuádrupla oferta agrupada tematicamente por parte da Consellería. *Voces tradicionais, Canción de Autor, Con-Fusión e Tradición Instrumental* son os catro ciclos dispoñibles neste circuito -cada un deles integrado por catro formacións e/ou intérpretes deses distintos estilos que os concellos poden contratar mediante a achega do 30% do seu custo, xa que o 70 % restante o aporta a Dirección Xeral.

Ademais, *Cultura na rúa, Cultura nova* e *Cultura en familia* son os títulos dos tres programas multidisciplinares que se organizan dentro dos Circuitos Culturais que promove a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, e que prestarán tamén atención á música. O maior trazo definitorio de *Cultura na rúa* é que a música se programará entre xullo e setembro en espazos ao aire libre en 100 concellos. *Cultura nova*, que se desenvolverá en 50 localidades de setembro a xuño, é un plano de actividades especificamente deseñado para mozos e mozas maiores de 14 anos, no que a música é

protagonista non só de concertos senón tamén de obradoiros. En *Cultura en familia* terán cabida espectáculos de música aptos para todas as idades.

Difusión e proxección exterior

A posta en marcha de canles de difusión propias (Revista da Rede, portal web *Ponte en escena*) complementárase coa activación de estratexias de difusión a través dos medios de comunicación social escritos e audiovisuais, na tarefa urxente de posicionar á música galega e todas as súas potencialidades nun lugar preferente na axenda diaria dos medios, tanto en calidade como en cantidade de información. A radio e televisión públicas terán, neste sentido, unha liña de relación prioritaria que ha redundar nun labor de promoción dos grupos galegos intenso e especializado. A organización de xornadas de debate e foros de opinión sobre a música galega contribuirán así mesmo ao coñecemento e intercambio das súas especificidades entre o propio sector e a cidadanía.

Canto aos logros na promoción exterior da nosa música, estes teñen que pasar necesariamente pola súa presenza nos maiores mercados musicais de Europa. O IGAEM materializará a participación das empresas galegas no MIDEM (Franza), no Popkomm (Alemaña) e no Womex (Sevilla) en vantaxosas condicións económicas e organizativas. A primeira destas tres relevantes citas será o MIDEM, que se celebrará en Cannes do 21 ao 25 de xaneiro de 2007, onde a música galega estará presente de xeito singularizado dentro do *stand* colectivo *Sounds from Spain* ■

O IGAEM PROMOVE UN CIRCUÍTO DE SALAS ESCÉNICAS PRIVADAS, COAS QUE COFINANCIARÁ PARTE DA PROGRAMACIÓN

Baixo o título xenérico de Rede Galega de Salas, o IGAEM vén de sentar as bases para o artellamento dun circuíto de distribución de espectáculos integrado por 5 salas escénicas galegas de titularidade privada. O contido da programación abranguerá teatro de actor ou monicreques, danza, circo, cabaré, maxia e calquera outra modalidade de artes escénicas.

As Salas Nasa e Yago, en Santiago; Teatro Ensalle e Teatro Arte Livre en Vigo; e Teatro del Andamio, na Coruña, son os cinco recintos que se adheriron a esta iniciativa, pola que o IGAEM aportará 14.000 € a cada unha das salas para cofinanciar a súa programación –contía coa que os responsables dos locais deberán fixar un mínimo de 28 funcións anuais, 20 delas de grupos galegos–, e outros 4.200 € adicionais por sala para contribuír aos gastos non vencellados aos pagos ás compañías.

As salas deberán configurar a súa programación, cun mínimo de 5 compañías, en dous períodos (de febreiro a maio e de setembro a decembro) cunha estadía de entre 2 e 6 funcións por espectáculo ■

O IGAEM MEDIRÁ A SATISFACCIÓN DO PÚBLICO RESPECTO AOS ESPECTÁCULOS DA REDE

O IGAEM está a realizar unha investigación social para medir o grao de satisfacción do público respecto aos espectáculos programados na Rede Galega de Teatros e Auditorios. Des-



pois dunha primeira sondaxe rematada o pasado xullo –na que se definiu o perfil sociodemográfico dos espectadores e se identificaron algúns dos seus hábitos de consumo cultural–, esta nova enquisa centrase na percepción que se forman os espectadores sobre as montaxes de teatro e danza que ofrece a Rede.

Está previsto que o traballo de campo remate a finais deste mes de decembro, o que posibilitará dispoñer a finais de xaneiro do informe de resultados. O obxecto de análise está constituído por 44 compañías de teatro de actor, monicreques e danza, que realizan un total de 135 funcións entre o 15 de setembro e o 30 de decembro de 2006. No caso do teatro o informe detallará datos referidos a cada espectáculo concreto, mentres que no caso da danza o estudo abordarase de xeito máis global.

O IGAEM volve contar coa colaboración da empresa Cidadanía na realización e procesado dun total de 840 entrevistas a persoas coas que se contacta previamente nos espazos de exhibición e ás que se lles practica despois un formulario nunha comunicación telefónica asistida por ordenador ■

«EN LA CUENCA DE TUS OJOS», PRIMEIRO PREMIO DO IV CERTAME DE CREACIÓN COREOGRÁFICA

A peza *En la cuenca de tus ojos*, dos coreógrafos Alexis Fernández, Armando Martén, Kirenia Martínez e Ana Beatriz Pérez, resultou gañadora do IV Certame de Creación Coreográfica de Galicia que organiza o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. Os galardoados con este primeiro premio, polo que recibirán 4.000 €, forman parte da compañía coruñesa Inquedanza, coa que están a representar a coreografía gañadora por diferentes escenarios galegos dende o mes de abril.

Cunha dotación económica de 2.500 €, o segundo premio foi para a peza *Ayer y hoy*, creada e interpretada polas madrileñas Verónica Garzón, Mireia Sans Aleu e Eurne Sanz. Tamén dende Madrid chegou a proposta galardoada co terceiro premio deste certame, *Éxodos*, presentada por Francisco Leiva e interpretada por el mesmo xunto a María Arcos, María González, Marta Gómez e David Amandi. Leiva recibirá 2.000 € por este terceiro posto. O xurado –integrado por Maruxa Salas, Begoña Acuña, Vicente Colomer, Natalia Bal-

seiro e María Paredes– recoñeceu, ademais, o labor interpretativo de Ana Beatriz Pérez na obra gañadora, outorgándolle o premio ao/a bailarín/a sobresaínte, dotado con 1.500 €.

En la cuenca de tus ojos, inspirada en diferentes sensacións que arrodean ao amor como sentimento e ao arrepentimento polos erros cometidos coa persoa amada, está interpretada polos seus catro creadores, todos eles de orixe cubana e afincados en Galicia, onde na actualidade desenvolven a súa actividade profesional como coreógrafos e bailaríns ■

«NADAL MÁXICO» OFRECE EN DECEMBRO 34 ACTUACIÓNS COMBINADAS DE 21 MAGOS GALEGOS

O I Circuíto Galego da Maxia «Nadal Máxico», que organizan a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural mailo IGAEM en colaboración coa Asociación de Magos Profesionais de Galicia, ofrecerá ao longo do presente mes de decembro un total de 34 funcións noutros tantos concellos galegos. Os municipios participantes acollerán un espectáculo cunha única concepción escenográfica, pero cun contido cambiante, determinado

polos distintos magos (grupos de entre 4 e 6 magos) que protagonizan cada pase.

O ciclo, o primeiro monográfico dedicado á maxia que se celebra en Galicia, ten como obxectivo o achegamento dun público familiar ao extenso traballo que realizan 21 magos galegos, e que pasa polo emprego de técnicas como a maxia de preto, maxia unipersonal, escapismo, mentalismo, ilusionismo, artes afíns (ventriloquía e faquirismo), etc.

O circuíto comezou en novembro (pasou xa por Arzúa, Caldas, Viveiro, Allariz, As Pontes e Moaña) e desenvolverá en decembro a meirande parte da súa actividade, xa que se levarán a cabo funcións en Lalín (día 1), Mugardos (día 2), Porto do Son (día 6), Mos (día 9), Redondela (día 9), Xove (día 9), Silleda (día 10), A Coruña (día 10), Tomiño (día 15), Sada (día 16), Chantada (día 16), Padrón (día 17), Boiro (día 18), Verín (día 19), Ribeira (día 19), Monforte de Lemos (día 20), Betanzos (día 21), Culleredo (día 22), Fene (día 22), Ferrol (día 23), Sarria (día 25), Carnota (día 25), Ribadeo (día 26), Ribadavia (día 26), O Grove (día 27), O Barco (día 27), Lugo (día 27), Guitiriz (día 28), Santiago (día 28), Muros (día 29), Marín (día 29), A Estrada (día 29), Sanxenxo (día 30) e Cangas de Morrazo (día 30) ■



O IGAEM COLABORA NA XIRA DE «ROTAS», A PRODUCCIÓN DE PÍFANO SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO

O IGAEM colabora na distribución en Galicia de *Rotas*, a última produción da compañía Pífano Teatro que aborda o tema da violencia de xénero e persegue a sensibilización social respecto a este problema mediante unha novedosa iniciativa que inclúe a celebración de debates posteriores á escenificación das obra nos espazos que visita. Participan na difusión deste proxecto a Secretaría Xeral de Igualdade e a Consellería de Cultura e Deporte.

Rotas, escrita por Rosa Castro e con dirección de Xavier Picallo, está interpretada polas actrices Mela Casal e Gloria Ferreiro. O espectáculo vén presentándose por distintos concellos galegos desde o outubro pasado e rematará a súa distribución neste mes de decembro, no que ten previstas funcións o día 1 en Ames, o 3 en Laxe, o 14 en Porto do Son, o 16 na Cañiza, o 17 en Caldas de Reis, o 21 en Monterroso, o 22 en Piñor e o 29 en Ortigueira.

Despois dos 40 minutos que dura a dramatización, unha mesa integrada por avogadas, psicólogas e directoras de centros de atención ás afectadas

ocupan unha mesa de debate desde a que, ao longo de aproximadamente unha hora, se achegan as distintos aspectos e condicionantes do maltrato ás mulleres ■

BREOGÁN RIVEIRO GAÑA O BARRIGA VERDE NA MODALIDADE DE TEXTOS PARA RAPACES

A obra *O afundimento do Tiránic*, de Breogán Riveiro, gañou o Premio Internacional Barriga Verde de Textos para Teatro de Títeres 2006, na categoría de monicreques para rapaces. O xurado, integrado por Marilar Aleixandre, Xosé Cermeño, Jorge Rey e Anxo García, resolveu outorgar o galardón por unanimidade, ao tempo que decidiu declarar deserta a segunda modalidade prevista na convocatoria, a de textos de teatro de títeres para adultos.

A cuarta edición deste premio, que cada ano convocan o IGAEM e a Asociación Cultural «Barriga Verde» para dinamizar a escrita de obras específicas para monicreques, distinguíu unha obra que parte do afundimento dun barco como argumento para abordar os distintos xeitos de reaccionar dos personaxes e a importancia da unión á hora de enfrontar

os problemas. O tribunal destacou de *O afundimento do Tiránic* a súa «adeacuación á especificidade do teatro para monicreques e a súa mirada irónica sobre personaxes arquetípicos do teatro de títeres e da literatura infantil». Subliñou tamén a calidade literaria dos diálogos na construción dunha linguaxe áxil.

Breogán Riveiro (Montevideo, 1967), quen actualmente reside en Oleiros (A Coruña) e se dedica profesionalmente á realización e escrita de guións para o medio audiovisual, recibirá 4.000 euros e verá publicada a súa obra nunha colección de textos dramáticos para nenos que promove o IGAEM ■

FRANCISCO XOSÉ FERNÁNDEZ NAVAL E MARGARITA ROMERO, NOVOS VOGAIS DO CONSELLO REITOR DO IGAEM

Francisco Xosé Fernández Naval, como subdirector de Creación e Difusión Cultural, e Margarita Romero Lorenzo, nomeada pola Comisión IV, de Educación e Cultura, do Parlamento de Galicia, incorporáronse como vogais do Consello Reitor do IGAEM na última xuntanza que mantivo o órgano directivo deste organismo o pasado 20 de novembro.

Con estas dúas incorporacións queda completada a composición do Consello que preside a conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo, para esta lexislatura, e do que tamén foman parte Luís Bará Torres, director xeral de Creación e Difusión Cultural; Miguel Martín Fernández, xerente do IGAEM; Damián Villalaín, Rodrigo Romaní, Manuel F. Vieites, José López Calo e Olga Cristina Ruíz ■



editoriais

novidades

Luces fóra!

Manjula Padmanabhan
(Edición bilingüe de Antía Mato Bouzas)
Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nº 47. Serie branca (outras literaturas teatrais)
ISBN: 84-9749-210-2 PVP: 12 euros

Manjula Padmanabhan, alén de exercer como columnista, de ser autora de banda deseñada, escritora de literatura infantil e de guións de cine, estase a converter nun referente do ámbito literario teatral da India, pola súa longa traxectoria como dramaturga e pola repercusión dalgúns dos seus traballos –caracterizados por unha temática comprometida– fóra do seu país.


En *Luces fóra!*, o mundo marxinal e a violencia a el asociada entra pola fiestra do salón dun apartamento onde vive unha honrada familia de clase media. A historia desenvólvese na cosmopolita cidade de Bombai, onde a riqueza e a extrema pobreza conviven unha a carón da outra nun pacto de indiferenza. Os berros entran no salón e piden que apaguemos as luces...■



Coisas de mulheres!

Teresa Rita Lopes
Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nº 48. Serie verde (literatura teatral en lingua portuguesa)
ISBN: 84-9749-222-6 PVP: 14 euros


Teresa Rita Lopes (nome literario de Maria Teresa Rita Lopes) é coñecida internacionalmente como investigadora *pessoana*. Ademais de numerosos escritos ensaísticos sobre Pessoa e dunha antiga e permanentemente devoción pola obra deste autor, é poeta e dramaturga, con varios premios nas dúas modalidades. Ten varias pezas representadas, en Portugal e no estranxeiro (Francia, Bélxica, Alemaña, Italia), así como algunhas montaxes sobre textos de Pessoa. A editora lisboeta Imprensa Nacional-Casa da Moeda reunirá nun volume único as súas obras publicadas ■



A COMPAÑÍA DE TEATRO PÚBLICA DÓTASE DA SÚA PRIMEIRA WEB PROPIA

O CDG vén de poñer operativa no dominio www.centrodramatico.org a súa nova páxina web, a primeira que desenvolve de xeito propio a compañía pública de teatro. A partir de agora, os usuarios –que poderán escoller o acceso á información oficial do CDG, tanto a través da páxina xeral do IGAEM (igaem.xunta.es) como no devandito novo dominio– terán unha exhaustiva presentación de todas as actividades da unidade teatral que dirixe Cristina Domínguez Dapena; e disporán dunha canle fundamental para a comunicación directa.

A web inclúe todos os datos das producións propias, coproducións, cartelería do Salón Teatro, xiras dos espectáculos, etc. Tamén hai un lugar destacado para todas as actividades pedagóxicas que levan a cabo, así como publicacións, recursos gráficos e infomes. Completan a páxina un arquivo histórico onde se relacionan todas as producións do CDG nos seus 22 anos de funcionamento, así como apartados específicos para as novas, avisos e notas de axenda que xera a institución ■



Pantallas da web do CDG

COMEZAN O 4 DE DECEMBRO OS ENSAIOS DE «TARARÁ-CHIS-PUM»

O Salón Teatro de Santiago de Compostela acolle a partir do 4 de decembro os primeiros ensaios de *Tarará-Chis-Pum*, a próxima produción do CDG para a actual temporada escénica 2006-2007. A obra é unha revisión da montaxe homónima que estreara en 1978 a compañía Artello, considerada como o primeiro espectáculo profesional de teatro infantil galego.

A compañía que lideran Santiago Montenegro e Rosa Hurtado volve a enfrontarse a este texto que conta a historia dun rapaz, un aprendiz de pallaso que perde a risa na escola e emprende unha viaxe fantástica até que a atopa nun circo, despois de pasar por lugares como o fondo do mar ou a mesma lúa.


Artello desenvolverá o seu método de traballo baseado na creación colectiva, esta vez sobre un espazo escénico deseñado por Carlos Alonso e con Manuel Pombal como director musical. Anabell Gago, Avelino González, Bea Porrúa, Fran Peleteiro, Manuel Polo e Noemí Rodríguez conforman un elenco actoral que completa o músico José Carlos Illanes. A estrea será en Vigo no mes de febreiro ■

O CDG COMPAXINA A XIRA DE «O REGRESO AO DESERTO» COA ACTIVIDADE DO SALÓN TEATRO

O CDG encara o mes de decembro cunha intensa actividade, xa que compaxinará a xira galega de *O regreso de deserto* co labor de programación e difusión da actividade da súa sede escénica, o Salón Teatro, tarefas que veñen a sumarse á fase de produción de *Tarará-Chis-Pum*.

Así, a obra de Koltés con dirección de Cristina Domínguez que actualmente ten en cartel a compañía institucional, visitará Pontevedra (Teatro Principal, 2 de decembro), A Coruña (Teatro Rosalía de Castro, 5 e 6 de decembro), Ferrol (Teatro Jofre, 9 e 10 de decembro), Ourense (Teatro Principal, 20 e 21 de decembro), Ribadeo (Auditorio Municipal Hernán Naval, 7 de xaneiro), Vigo (Centro Cultural Caixanova, 13 de xaneiro) e Narón (Auditorio Municipal, 19 e 20 de xaneiro).



Canto ao Salón Teatro, a coprodución entre Uróc Teatro e Centro Dramático Nacional (CDN) *El señor Ibrahim y las flores del Corán* inaugura o 2 de decembro a nova carteleira do espazo do número 34 da compostelá Rúa Nova. O texto de Eric-Emmanuel Schmitt con versión e dirección de



Ernesto Caballero ofrecerá dúas funcións (sábado 2 ás 20.30 e domingo 3 ás 18.00), a compañía Fila 7 coa obra *Lorca eran todos*, da que é autor e director Pepe Rubianes, estará o 16 e 17; e o Teatro Nacional S. João con *Woyzeck*, de Georg Büchner con dirección de Nuno Cardoso, poderá verse os días 21 e 22. O Salón Teatro pechará 2006 cun ciclo de teatro infantil, no que participarán, do 26 ao 30 de decembro, Achiperre Teatro con *Enrique V*, Talía Teatro con *O merlo branco*, Disque Danza con *Menú vexetal*, Sapristi Teatro con *Unha merenda de Alicia* e Berrobambán con *Buh!* ■



Lorca eran todos

01 VENRES	Miki Nervio & The Bluesmakers Ribadeo 22.00 h Auditorio Municipal Hernán Naval	Monkillos San Sadurniño 21.00 h Centro Sociocultural	Nove Dous <i>Ondas</i> O Barco de Valdeorras TEATRO MUNICIPAL LAURO OLMO	Os Sete Magníficos Máis Un <i>A cadeira voadora</i> Tui TEATRO M. ÁREA PANORÁMICA	Tanxarina Títeres <i>Os nariguados</i> As Pontes CASA DO PESO	Teatro de Ningures <i>Misericordia</i> Boiro 21.00 h CASA DA CULTURA	Teatro do Noroeste <i>Imperial Café Cantante</i> Culleredo 20.30 h EDIFICIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES	Santiago SALÓN TEATRO	01 VENRES			
02 SÁBADO	Caramuxo Teatro <i>Historia dunha semente</i> Vigo AUDITORIO MUNICIPAL	Leilía <i>Son de Leilía</i> Sanxenxo PAZO EMILIA PARDO BAZÁN	Jazzoline Class <i>Violin e jazz</i> Xove 20.00 h SALÓN DE ACTOS DA CASA DA CULTURA	Talía Teatro <i>Bicos con lingua</i> Gondomar AUDITORIO MUNICIPAL LOIS TOBÍO	Teatro do Atlántico <i>A rainha da beleza de Leenane</i> Foz 19.30 h SALA BAHÍA	CDG <i>O regreso ao deserto</i> Pontevedra 21.00 TEATRO PRINCIPAL			02 SÁBADO			
03 DOMINGO	Teatro Galileo <i>O divertimento do rei</i> San Sadurniño 19.30 h CENTRO SOCIOCULTURAL		CDG <i>O regreso ao deserto</i> A Coruña 20.30 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO	05 MARTES	06 MÉRCORES	CDG <i>O regreso ao deserto</i> A Coruña 20.30 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO	Disque Danza <i>Menú vexetal (dáme verde)</i> Carballo 19.30 h PAZO DA CULTURA		Centro Dramático Nacional / Uróc Teatro <i>El Sr. Ibrahim y las flores del Corán</i> 20.30	03 DOMINGO		
05 MARTES	Pepe Hevia <i>Delicado abismo</i> Carballo 21.00 h PAZO DA CULTURA								Centro Dramático Nacional / Uróc Teatro <i>El Sr. Ibrahim y las flores del Corán</i> 18.00	06 MÉRCORES		
07 XOVES	Nova Galega de Danza <i>Engado, ilusionistas de a pé</i> Carballo 21.00 h PAZO DA CULTURA		07 XOVES	08 VENRES		Pepe Hevia <i>Delicado abismo</i> Ourense 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL-PAZO DE CONGRESOS		08 VENRES				
09 SÁBADO	Teatro de Ningures <i>Misericordia</i> Foz 19.30 SALA BAHÍA							Sexteto de Corda No Mar <i>Concerto de corda</i> Vilagarcía 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Improvia <i>Viveiro</i> TEATRO PASTOR DÍAZ	CDG <i>O regreso ao deserto</i> Ferrol 20.30 h TEATRO JOFRE	09 SÁBADO	
10 DOMINGO	Tanxarina Títeres <i>Titirircus</i> A Coruña 17.30 h FORUM METROPOLITANO		Experimenta Danza <i>Meltemi</i> Ribadeo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL			CDG <i>O regreso ao deserto</i> Ferrol 20.30 h TEATRO JOFRE		10 DOMINGO				
11 LUNS	Tanxarina Títeres <i>Titirircus</i> A Coruña 12.00 h FORUM METROPOLITANO							Teatro de Adro <i>García</i> Monforte de Lemos EDIFICIO MULTIUSOS	Estíbaliz Espinosa <i>Baixo a chuva</i> Arteixo 20.30 h AUDITORIO DO CENTRO CÍVICO CULTURAL	Anacaona Latin Jazz Quarter Arteixo 20.30 h AUDITORIO DO CENTRO CÍVICO CULTURAL	Estíbaliz Espinosa <i>Baixo a chuva</i> Ribadeo 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	Teatro de Ningures <i>Tartufo</i> O Barco de Valdeorras 21.00 h TEATRO M. LAURO OLMO
16 SÁBADO	Fan Jazz <i>A herdanza do blues</i> Viveiro TEATRO PASTOR DÍAZ	Fredy Fevereiro <i>Desde que a samba é samba</i> Ortigueira TEATRO DA BENEFICENCIA	Lagarta Lagarta <i>Carambola (cóncavo, convexo)</i> Vilanova de Arousa CASA DA CULTURA DO ESTEIRO	Mr. Dixie Jazz Band <i>Dixie</i> Arteixo AUDITORIO DO CENTRO CÍVICO CULTURAL	Tanxarina Títeres <i>Contaloucos</i> Vigo AUDITORIO MUNICIPAL	Uve Doble Teatro <i>O veleno do teatro</i> Ponteareas 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL REVERIANO SOUTULLO	Santiago SALÓN TEATRO	Fila 7 <i>Lorca eran todos</i> 20.30	16 SÁBADO			
17 DOMINGO	Creacións Máxicas <i>Armas baixo control</i> A Coruña 19.00 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO	Creacións Máxicas <i>Armas baixo control</i> A Coruña 11.30 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO	Disque Danza <i>Menú vexetal (dáme verde)</i> Ourense TEATRO PRINCIPAL	Il Vecchio Borgo <i>Música acústica e música para os reais fogos artificiais</i> Carballo 20.00 h PAZO DA CULTURA	Pisando Ovos <i>N8 OHX</i> Ribadeo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	Pisando Ovos <i>N8 OHX</i> Ribadeo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL		Fila 7 <i>Lorca eran todos</i> 18.00	17 DOMINGO			

18 LUNS	Os Sete Magníficos Máis Un <i>O gordo e o calvo</i> Betanzos CASA DA CULTURA							18 LUNS	
19 MARTES	Compañía do Trinke Trinke <i>Os soños na gaiola</i> Betanzos CASA DA CULTURA							19 MARTES	
20 MÉRCORES	Sarabela Teatro <i>A gata con botas</i> Betanzos CASA DA CULTURA	Teatro do Noroeste <i>Imperial Café Cantante</i> Lugo AUDITORIO M. GUSTAVO FREIRE					CDG <i>O regreso ao deserto</i> Ourense 20.30 h TEATRO PRINCIPAL	20 MÉRCORES	
21 XOVES	Pablo Nojes e Páprika <i>Os cómicos ambulantes</i> San Sadurniño 12.15 h CENTRO SOCIOCULTURAL						CDG <i>O regreso ao deserto</i> Ourense 20.30 h TEATRO PRINCIPAL	21 XOVES	
22 VENRES	A Factoría Teatro <i>O tío Vania</i> O Barco de Valdeorras 21.00 h TEATRO M. LAURO OLMO	Artello–Teatro Alla Scala <i>De fábula</i> Vilanova de Arousa CASA DA CULTURA DO ESTEIRO	Chrystian Magic <i>A maxia do Nadal</i> Boiro 20.00 h CASA DA CULTURA	Inquedanza <i>En la cuenca de tus ojos</i> Ourense 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL-PAZO DE CONGRESOS	Cuarteto Agógica <i>Integral dos cuarteto con frauta de Mozart</i> Foz 20.00 h CASA DA CULTURA	Teatro Buratini <i>Palabras de Caramelo</i> Vilagarcía 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro del Andamio <i>Que che contan un conto</i> Sada CASA DA CULTURA PINTOR LLORÉNS	Viravolta Titeres <i>Barriga Verde</i> Tui TEATRO MUNICIPAL ÁREA PANORÁMICA	22 VENRES
23 SÁBADO	Hot 3 SSS <i>A voltas co Ragtime</i> Viveiro TEATRO PASTOR DÍAZ	Tarabuleque Teatro <i>Pallazos puros e duros, dous pallazos en apuros</i> Vilagarcía 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL							23 SÁBADO
26 MARTES	Artello–Teatro Alla Scala <i>De fábula</i> Cee SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO	Migallas Teatro <i>O libro máximo</i> As Pontes CASA DOPESO	Berrobambán Teatro <i>Diariamente</i> Ames 18.30 h CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO	Os Colomabaños <i>Os Colomabaños</i> Lugo AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE	Sarabela Teatro <i>A gata con botas</i> Noia 18.00 h TEATRO COLISEO NOELA			Achiperre Teatro <i>Enrique V</i> 19.00	26 MARTES
27 MÉRCORES	Teatro Buratini <i>Tic Tac. Sons dunha nave</i> Gondomar 17.30 h AUDITORIO MUNICIPAL LOIS TOBÍO	Titeres Falcatrúa <i>Albizaras</i> Cee SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO						Talía Teatro <i>O merlo branco</i> 19.00	27 MÉRCORES
28 XOVES	Druída Danza <i>Verde transparente</i> Ourense TEATRO PRINCIPAL	Os Colomabaños <i>Os Colomabaños</i> Ames 18.30 h CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS	Pablo Nojes e Páprika <i>Que pasa na praza?</i> Noia 18.00 h TEATRO COLISEO NOELA	Titeres Trompicallo <i>Nadarín</i> Lugo AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE	Titeres Falcatrúa <i>O espírito do bosque</i> Gondomar AUDITORIO MUNICIPAL LOIS TOBÍO	Titeres Cachirulo <i>O libro da selva</i> Vilagarcía 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Disque Danza <i>Menú vexetal</i> 19.00 h		28 XOVES
29 VENRES	BStudio <i>De meu</i> Ourense 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL-PAZO DE CONGRESOS	Experimenta Danza <i>Imaxina que...</i> Carballo 18.00 h PAZO DA CULTURA	Guadi Galego e Guillermo Fernández <i>Espidos</i> O Barco 21.00 h TEATRO M. LAURO OLMO	Migallas Teatro <i>O carballiño enfermo</i> Vilagarcía 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Titeres Falcatrúa <i>A sorprendente historia do benfadado Mourellas</i> Vilanova de Arousa CASA DA CULTURA DO ESTEIRO			Saprísti Teatro <i>Unha merenda de Alicia</i> 19.00 h	29 VENRES
	Titeres Cachirulo <i>O libro da selva</i> Gondomar AUDITORIO MUNICIPAL LOIS TOBÍO	Os Sete Magníficos Máis Un <i>A cadeira voadora</i> As Pontes CASA DOPESO	Teatro Paraíso <i>El tren</i> Ourense TEATRO PRINCIPAL	Os Quinquilláns <i>Moby Dick</i> Cangas AUDITORIO MUNICIPAL	Mijail Moriatov e Grupo <i>Galicia no meu corazón</i> Foz 20.00 h CASA DA CULTURA				
30 SÁBADO	Larumbe Danza <i>Tutti Frutti</i> Ourense 17.00 h AUDITORIO MUNICIPAL-PAZO DE CONGRESOS	Mago Rafa <i>A arte do imposible</i> Foz 19.30 h CASA DA CULTURA	Víctor Aneiros Band <i>O blues do amencer</i> Cedeira AUDITORIO MUNICIPAL					Berrobambán <i>Buh!</i> 19.00 h	30 SÁBADO

REXISTRO DE DATOS: XANEIRO-OUTUBRO 2006			
Compañías	Funcións	Espectadores/ función	Facturación/ función
10&10 danza	2	256,00	229,80
A Factoría Teatro	11	171,82	509,92
A Roda	1	250,00	0,00
Abe Rábade Jazz	1	46,00	105,00
Anacaona Latin Jazz	1	67,00	130,00
Ancora Producións	10	131,60	416,49
Andrómena Teatro	1	146,00	774,00
Antonio Romarís	1	400,00	0,00
Arrieritos	1	325,00	2.524,00
Arte en Parte	1	67,00	111,00
Artello-Teatro Alla Scala 1:5	7	182,43	303,93
Art-Monium	1	174,00	834,00
B.B. Producións	1	62,00	114,00
Balea Branca	1	109,00	365,00
BStudio	1	20,00	60,00
Batuko Tabanka	1	73,00	77,40
Berrobambán Teatro	1	457,00	1.772,00
Berrogüetto	1	600,00	0,00
Bucanero & Eme2 Producións	4	44,00	159,75
Campo de Estrelas	1	275,00	0,00
Caramuxo Teatro	8	216,50	228,06
Carmen Rey	1	23,00	101,00
Casahamlet	1	41,00	194,00
Charo Pita-Manuel Vilas	1	49,00	30,00
Chrystyan Magic	3	243,67	160,33
Compañía Cuarta Pared	2	206,50	913,40
Creacións Máxicas	3	249,67	613,33
Cuarteto Agógica	1	45,00	0,00
Cuarteto de Corda da Orquestra Solistas de Galicia	1	250,00	0,00
Cuarteto Ephimere	2	24,00	75,00
Daniela Stagnitto	1	51,00	0,00
Date Danza	1	106,00	264,00
Disque Danza	1	7,00	35,00
Druída Danza	2	208,50	1.949,30
Estibaliz Espinosa e Rupert Twine	1	33,00	34,50
Experimenta Danza	3	156,67	68,00
Expresións Producións	2	114,00	217,00
Fía na Roca	1	500,00	0,00
Fulano, Mergano e Citano	16	137,81	426,80
Inquedanza	2	297,00	175,00
Javier Muro	5	255,20	155,40
Jazz Vides Quarter	1	53,00	106,00
La Zaranda	1	380,00	1.050,00
Lagarta Lagarta	25	170,40	530,83
LaSal Teatro	4	126,25	76,25
Los Fígaros	1	260,00	0,00
Ludus Tonalis	1	100,00	0,00
Mago Richard	2	157,50	115,00
Magüi Mira	1	84,00	413,00
Marco González Tango Argentino	1	600,00	0,00
Máscara Producións	2	67,50	187,50

COMPAÑÍAS			
Migallas Teatro	8	209,13	123,83
Miki Nervio & The Bluesmakers	2	61,50	94,60
Mofa e Befá	7	168,14	546,06
Nova Galega de Danza	1	204,00	932,00
Nova Galega de Danza II	2	301,50	3.765,20
Nove Dous	6	92,50	58,07
O Mago Teto	1	227,00	272,40
Orquestra de Cámara Solistas de Galicia	1	23,00	115,00
Os Cempés	1	800,00	0,00
Os Monicreques de Kukus	6	184,50	103,33
Os Quinquilláns	2	266,50	23,00
Os Sete Magníficos Máis Un	1	87,00	205,00
Oscar Ibáñez	1	180,00	180,00
Pablo Nojes e Páprika	6	205,00	35,00
Patás Arriba	1	24,00	131,00
Pallaso Popín	2	240,00	0,00
Pepe Hevia	1	76,00	523,70
Pisando Ovos	2	145,00	111,00
R. T. A.	20	417,55	2.601,93
Rosa Cedrón	1	600,00	0,00
Sala Yago	7	173,00	71,57
San&San	4	70,50	239,53
Santart	10	79,70	156,66
Sapristi	11	114,00	181,18
Sarabela Teatro	29	166,17	304,73
Sexteto de Corda No Mar	1	135,00	0,00
Talía Teatro	8	109,25	379,73
Tanxarina Títeres	3	328,67	0,00
Teatro Bruto	2	415,00	0,00
Teatro Buratini	10	166,50	49,10
Teatro Cachuzo	4	59,50	91,75
Teatro de Adro	3	76,67	165,67
Teatro de Marionetas Trécola	2	225,00	0,00
Teatro de Ningures	10	123,10	330,20
Teatro del Andamio	9	117,44	115,44
Teatro del Noctámbulo	1	49,00	190,00
Teatro do Aquí	6	171,83	450,17
Teatro do Atlántico	12	82,58	155,55
Teatro do Morcego	12	94,33	247,78
Teatro do Noroeste	7	137,86	575,64
Teatro dos Tirinautas	2	141,00	99,70
Teatro Galileo	5	215,60	361,10
The Pinga Teatro	4	116,75	367,25
Thiossane	1	400,00	0,00
Títeres Cachirulo	7	151,14	65,43
Títeres Cascanueces	2	189,50	41,50
Títeres Falcatrúa	6	179,83	59,00
Títeres Tropicalllo	1	111,00	222,00
Tres Globos	1	250,00	150,00
Trío Cubano Sabrosura	1	400,00	0,00
Viravolta Títeres	5	477,20	0,00
Volta e Dalle Teatro	4	78,00	145,50
Xabier Díaz	1	52,00	50,40
Xirriquiteula Teatre	6	168,00	159,17
TOTAL COMPAÑÍAS	415	175,26	395,05

Concellos e entidades	Funcións	Espectadores/ función	Facturación/ función
A Coruña	10	158,60	1.487,17
A Estrada	8	170,75	396,63
Ames	7	60,71	105,29
Arteixo	10	163,50	163,08
As Pontes	7	91,14	100,03
Betanzos	7	141,57	283,14
Boiro	6	166,17	66,00
Burela	4	287,25	47,00
Cambados	6	266,00	219,00
Cangas	11	152,00	459,64
Carballo	8	287,50	712,38
Cariño	10	137,40	103,60
Cedeira	4	55,00	126,50
Cee	7	125,29	200,14
Culleredo	6	147,17	0,00
Ferrol	11	161,36	937,27
Foz	9	137,22	0,00
Gondomar	9	202,00	133,11
Lalín	6	126,67	127,50
Lugo	12	259,58	840,00
Monforte de Lemos	6	281,17	347,50
Muros	9	93,22	137,39
Narón	11	227,27	1.115,47
Noia	3	179,67	662,00
O Barco de Valdeorras	5	117,20	208,20
O Carballiño	8	124,63	202,00
Oleiros	6	170,17	423,75
Ortigueira	5	127,40	67,32
Ourense	11	106,09	719,60
Ponteareas	10	286,90	354,60
Pontevedra	17	321,71	416,41
Redondela	9	248,78	690,40
Ribadeo	13	142,62	309,85
Sada	12	79,58	25,50
San Sadurniño	11	172,55	75,55
Santiago de Compostela	20	161,25	679,08
Sanxenxo	6	88,67	167,33
Silleda	6	401,50	51,33
Tui	3	401,33	1.265,00
Vigo	26	65,81	140,27
Vigo (Caixanova)	11	308,36	1.702,82
Vilagarcía de Arousa	26	180,58	52,08
Vilalba	11	183,27	435,65
Vilanova de Arousa	6	73,33	0,00
Viveiro	6	240,17	442,50
TOTAL CONCELLOS	415	175,26	395,05

TOTAIS	FUNCIÓN	415
	PÚBLICO	72.734
	OCUPACIÓN	42,98%
	FACTURADO	163.944,40 €

